


Leonhard Paul Euler

(Basilea, 1707-San Petersburgo, 1783)



Matemático e físico suízo. Está considerado o principal matemático do século XVIII e un dos máis grandes de todos os tempos. Foi un dos matemáticos máis prolíficos da historia.

Traballou practicamente en todas as áreas das Matemáticas: Xeometría, Cálculo, Trigonometría, Álgebra, Teoría de números; ademais da Física continua, Teoría lunar e outras áreas da Física.

Definiu a constante matemática coñecida como número e como o número real para o cal o valor da derivada da función $f(x) = e^x$ no punto $x = 0$ é exactamente 1.

O número e , que recibe ese nome na súa honra, pode ser representado como un número real en varias formas. A principal destas representacións, particularmente nos cursos básicos de cálculo, é a obtida por Jacob Bernoulli, no estudo de problemas de interese continuo, como $e = \lim_{n \rightarrow \infty} \left(1 + \frac{1}{n}\right)^n$.